



# Padrón

Concello de Padrón

CIF: P1506600D

Rúa Longa, 27

15900 Padrón (A Coruña)

[correo@padron.gal](mailto:correo@padron.gal)

[www.concellodepadron.es](http://www.concellodepadron.es)

Tf: 981 81 04 51

Fax: 981 81 15 50

## DECRETO DO ALCALDE NÚMERO 74/2016.

Sendo necesario licitar as autorizacións para ocupar as parcelas de dominio público municipal coa instalación de atraccións feirais durante as festas da Pascua 2016 e visto que o día 13 de marzo de 2016 poderán empezar a instalarse e tendo en conta os prazos do procedemento de licitación, faise necesario convocar á maior brevidade o procedemento dado que, en caso contrario, non se podería garantir que a adxudicación esté rematada nesa data.

Sendo igualmente necesario proceder á liquidación do contrato de xestión do servizo da piscina cuberta municipal asinado no seu día con Gimnasios Pazos, SA, con carácter previo á licitación dun novo contrato de xestión deste servizo.

De acordo co previsto nos artigos 112 e 113 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, o 49º do Regulamento orgánico municipal e na Resolución deste Alcalde número 474/2015, do 19 de xuño, modificada pola número 846/2015, do 23 de decembro,

### ACORDO:

**Primeiro.** Convocar sesión extraordinaria da Xunta de Goberno Local que terá lugar no Salón da Alcaldía da Casa Consistorial o vindeiro día **3 de febreiro de 2016 (mércores) ás 10:00 horas**, coa seguinte orde do día:

**1.- Convocatoria do procedemento de licitación para o outorgamento das licenzas de uso das parcelas do dominio público municipal situadas no Campo do Souto e Paseo do Espolón para a instalación de atraccións feirais con motivo da celebración das festas de Pascua 2016.**

**2.- Liquidación do contrato administrativo de xestión do servizo público municipal da piscina cuberta na modalidade de concesión, asinado o 9 de decembro de 2004 con Gimnasios Pazos, SA.**

**Segundo.** Notificar o presente acordo a todas as persoas membros da Xunta de Goberno Local, coa indicación de que pon fin á vía administrativa e contra a cal poderase interpoñer, potestativamente, recurso de reposición ante o mesmo órgano que ditou o acto, no prazo dun mes contado desde o día de recepción da notificación do mesmo, ou ben, directamente, recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo no prazo de dous meses contados a partir da mesma data, sen prexuízo de que se poida interpoñer calquera outro recurso que se estime pertinente.

**Terceiro.** Dar traslado da presente Resolución á Intervención Municipal e dar conta da mesma ao Pleno da Corporación Municipal na primeira sesión ordinaria que se convoque.

Padrón, 1 de febreiro de 2016

O Alcalde

Asdo. Antonio Fernández Angueira

Ante min

A Secretaria

Asdo. Ana María Ares Álvarez